



Páx 2-3

**ANÁLISE:**

A Lei de Costas de 2013:  
unha nova agresión a Galiza

Páx 4

**PARLAMENTO:**

A Xunta e ENCE

Páx 5

**PONTEVEDRA:**

CONGRESO DA CIG: A forza  
do sindicalismo nacionalista  
e de clase

Páx 6-7

**PONTEVEDRA:**

CONGRESO DA CIG: É  
necesario. É posíbel.  
Organización. Loita,  
Soberanía

Páx 8

**PONTEVEDRA**

Memoria e poder

Páx 9

**PONTEVEDRA**

- Reparacións en Lourizán.
- Parque de San Roque
- Recicletas
- A Xunta retira a subvención a Protección Civil

Páx 10

**POIO**

O Concello avanza no saneamento integral

Páx 11

**AXENDA CULTURAL**

**CONTRACAPA:**

**ACTOS POLÍTICOS**



## **CIG: o sindicato nacionalista celebra un congreso histórico**

### **VI CONGRESO COMARCAL**

### **Sábado 22 de xuño. 10 h.**

### **Pazo da Cultura de Pontevedra**

# Organización. Loita. Soberanía



# A Lei de Costas 2013

## unha nova agresión a Galiza

A nova Lei de Costas non soluciona o problema dos núcleos costeiros galegos, malia as afirmacións dos gobernos de Madrid e da Xunta nunha fortísima campaña mediática coa que querían facernos crer que habían “salvar” non se sabe cantos miles de vivendas.

En realidade, os problemas dos núcleos costeiros galegos veñen producidos pola negativa da administración do Estado a aceptar a realidade diferenciada de Galiza e a pretender unha ordenación uniformadora de toda a costa con criterios que non se adaptan aos modelos galegos de asentamento. O problema non é a actual Lei de Costas, que permitiría solventar os litixios, o problema é a actitude dos gobernos de Madrid e Santiago.

Eis os verdadeiros motivos de non dar ordenado os núcleos costeiros: a Administración do Estado négase a recoñecer as compe-

tencias exclusivas autonómicas en materia de urbanismo, ordenación do territorio e do litoral; e a Xunta, lonxe de denunciar unha lexislación uniformizadora, regresiva e nada respectuosa coas súas competencias, actúa como a segundona do goberno central sen ter unha postura minimamente autónoma.

Neste contexto o goberno de España vai aprobar unha Lei de Costas este ano 2013 que afonda nos defectos da anterior, xera outros novos e non se sabe que vaia resolver nada.

O peor é que agora o goberno endurece, e moito, os criterios para clasificar como urbanos os núcleos costeiros; quíttalle a competencia para facelo á Xunta e até obriga a revisar todo o que non estivese declarado como urbano en 1988. É dicir, os núcleos que xa tivesen a declaración desde o 88 van perder os dereitos adquiridos que tiñan coa anterior

lexislación e vai ser Costas do Estado quen poida decidir se os núcleos son ou non urbanos: arbitrariedade e inseguridade xurídicas garantidas.

Nesta situación, o máis sensato sería que a Xunta, que ten competencias exclusivas, delimitase os núcleos costeiros e dese unha solución nacional ao proxecto con instrumentos que lle dá a Lei de Ordenación do Territorio de Galiza como o Plan Territorial Integrado. Calquera outra solución non é digna dun goberno que queira chamarse galego.

En resumo: coa nova Lei de Costas empeora moi gravemente a situación dos núcleos costeiros galegos ao pórselles esixencias máis dúras que antes e ao uniformizarse todo o Estado nunha clara violación das nosas características nacionais e das competencias da Xunta.

## COMPARACIÓN DAS LEIS DE COSTAS DE 1988 E 2013

### Cambio da liña de costas de 100 m. a 20 m. en núcleos non clasificados antes de 1988

1988	2013
Edificación consolidada <b>ou</b> ter os servizos que esixe a lexislación urbanística	Terreos con acceso rodado, auga, fecais e electricidade <b>e</b> consolidados cando menos nun terzo da superficie comprendidos en áreas consolidadas (endurécese máis se non hai PXOM)

### Posibilidade de novas edificacións

1988	2013
Sempre	Nunca

### Prazos

1988	2013
Non se fixan	Dous anos para instar a redución da liña de costas

### Retroactividade

1988	2013
Non hai	Hai



## A Xunta ten competencias para obrigar a que ENCE deixe a ría en 2018. Esixamos que as exerza !

O Partido Popular tentouno todo para consolidar ENCE en Lourizán: sacalo do dominio público, incorporalo ao porto de Marín, proxecto sectorial de incidencia municipal, modificación da lei de costas...

A Xunta de Galiza actúa como un simple delegado dos intereses da empresa ENCE e non como goberno de Galiza; ao renunciar a exercer as súas competencias o Partido Popular amosa a súa total sumisión a Madrid e o desprezo pola reivindicación maioritaria da poboación da ría de Pontevedra que reivindica desde hai anos que o Complexo industrial de ENCE abandone Lourizán.

A modificación da Lei de Costas aprobada no Congreso dos Deputados abre a posibilidade de que ENCE poida prorrogar por 75 anos a concesión que ten en terreos de dominio público, mais a determinación do uso desa concesión só depende da Xunta de Galiza.

### A Xunta conta con todos os instrumentos legais para poder facerlle fronte á empresa

A Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galiza outorgan competencias plenas en ordenación do territorio ao goberno galego, unhas competencias que foron posteriormente ratificadas por sentenza do Tribunal Constitucional; por tanto a Xunta de Galiza conta ao seu dispor con todos os instrumentos legais para facerlle fronte á empresa e defender os intereses

dos veciños e veciñas da ría de Pontevedra. Pero o Partido Popular adoptou a decisión política de facer deixación das súas responsabilidades negándose a adoptar as medidas precisas para

que a pasteira abandone a ría de Pontevedra en xullo de 2018 e se dea inicio ao saneamento integral da ría.

Esa decisión do PP concreouse no rexeitamento a unha iniciativa parlamentar do BNG defendida no Par-



lamento de Galiza o pasado 12 de xuño, iniciativa na que se solicitaba da Xunta de Galiza que procedese a modificar o Plan de Ordenación do Litoral (POL) para que lle quedara claro á empresa que non hai outro horizonte temporal e que por tanto a data límite para manter a súa presenza na actual ubicación é xullo de 2018.

### O PP está cómodo fuxindo das súas responsabilidades e deixando que ENCE marque as regras do xogo

Ese día o PP amosou o que verdadeiramente é, están cómodos no seu papel de lacaios deixando que sexa a empresa a que poña as normas en vez de exercer a súa responsabilidade e deixarlle claro a esta cales son as regras do xogo. Ese é o xeito de actuar diante dos poderosos de quen é moi valente á hora de roubar os dereitos laborais aos traballadores e traballadoras, á hora de permitir que lles roube os aforros aos afectados polas preferentes, ou á hora de aprobar normas para privatizar os servizos públicos.

O BNG seguirá traballando por facer realidade o anxeio dos veciños e veciñas da ría de Pontevedra que desexan a saída do complexo pasteiro daí co obxectivo de poder recuperar medio-ambientalmente o seu entorno e darlle á ría unha alternativa de desenvolvemento económico ligado á súa riqueza natural.

A Xunta do PP está a actuar como delegada da pasteira

# A forza do sindicalismo nacionalista e de clase

A CIG vai celebrar este sábado no Pazo da Cultura de Pontevedra o seu VI Congreso Comarcal. Un congreso importante por varios motivos que a ninguén se lle escapa: o cambio na Secretaría Comarcal, ocupada até agora polo noso compañeiro Rafael Iglesias, e a necesidade de facer fronte con maior contundencia ás políticas ditadas pola UE e executadas entusiasticamente polos gobernos do Estado e da Xunta.

## Rafael Iglesias, todo un referente no sindicalismo nacionalista, deixa a Secretaría Comarcal da CIG

Aínda que a CIG tivo desde sempre un funcionamento colexiado, o certo é que a historia do sindicalismo nacionalista na comarca de Pontevedra está intimamente vencellado á figura de Rafael Iglesias que ocupou a secretaría comarcal desde a súa fundación.

Durante todos estes anos a CIG foi collendo músculo até converterse na primeira forza sindical da comarca, tanto en número de afiliados e afiliadas como en número de delegad@s sindicais e, por suposto, en capacidade de mobilización.

Certo que non é mérito exclusivo de Rafael Iglesias, pero a súa impronta tivo un peso decisivo na conformación da CIG como o sindicato referencial para os traballadores e traballadoras. Con coerencia nas súas actuacións. Sen venderse nunca. Cunha praxe nacionalista e de clase.

Rafa deixará de ser a imaxe pública da CIG na comarca, pero continuará na súa dirección comarcal aportando a súa experiencia, a súa claridade política e a súa incansábel capacidade de traballo a favor dos traballadores e traballadoras.



Desde o BNG queremos transmitirle tanto a Rafa Iglesias como a Marcos Conde, próximo Secretario Comarcal da CIG, como á CIG no seu conxunto, os nosos mellores desexos para este congreso, conscientes de que, pasado o mesmo, seguiremos estando cóbado a cóbado na loita diaria por unha Galiza SOBERANA, único camiño para o desenvolvemento económico do noso país, para a xeración de emprego e para construímos un Galiza libre e sen explotación.

# É necesario. É posíbel

## Organización. Loita. Soberanía

**Marcos Conde**

Os ataques que está a sufrir a clase traballadora son continuos: os gobernos de Madrid, do PSOE ou do PP, están descaradamente ás ordes ditadas polo F.M.I., o Banco Central Europeo e a Unión Europea; réstannos dereitos un tras outro e abáfanos facéndonos cada día máis difícil sobrevivir.

Pode soar duro, mais temos que dicilo así: sobrevivir. Qué é o que poden agardar un home e unha muller que ven que cada día que pasa, aínda tendo traballo, se lles fai máis difícil chegar a fin de mes? Xa saben que é legal que lles recorten o salario; que os despidan máis barato; que as prestacións por desemprego foron recortadas (e queren que recortalas máis!!!); que hai recortes e repagamentos na sanidade e no ensino.



Agora, este camiño non remata aquí: o FMI “recomenda” que o Goberno de España afonde nestas políticas criminais. Recortar unha e outra vez sen límite porque non

queren cidadáns, queren escravos; queren persoas obedientes a organismos non democráticos que consuman o que lles ordenen, que compren onde lles digan. E sobre todo quérenos resignadas.

Na C.I.G. non somos resignados, e entendemos que a maioría social tampouco o é. Por iso dámoslle contestación na rúa a cada unha das medidas que ordenan o FMI, o BCE e a U.E, e que o goberno de Madrid executa cada venres no Consello de Ministros.

Mobilizámonos na Galiza e participamos activamente nas plataformas en defensa dos Servizos Públicos, tanto por defender a estes traballadores, como para defender á maioría social que nos beneficia-mos destes.

Os empresarios teñen que se dar de conta de que por esta vía as súas empresas non van sobrevivir, que competir recortándolles aos traballadores non ten futuro. Son poucos, pero algúns empresarios xa saben que o verdadeiro problema son os bancos, eses mesmos que rescataron a Troika e o goberno de España a costa de todos nós.

Contestamos na rúa e en cada empresa na que o patrón aínda non entendeu que non lle pode facer mil e unha aos traballadores.



Agora está claro que non é o mesmo Xustiza que Legalidade. Despedir un traballador por estar enfermo non é xusto, mais é legal; recortar salarios é legal, mais non xusto; facer un ere e despedir media plantilla por catro duros unha empresa que gaña millóns é legal, mais non é xusto. Unha tras outra, medidas contra o pobo impostas polo goberno.

Ese goberno ten nome, PP ou PSOE. Non podemos caer no discurso que espallan continuamente de que todos os políticos son iguais, que todos rouban, non podemos aceptar tampouco o de que todos os sindicatos viven das subvencións. Son mentiras que o propio sistema espalla para ter á sociedade “adormecida”, para facérmolos caer na resignación. Por iso é importante termos clara a ne-





cesidade da SOBERANÍA propia. Soberanía significa decidirmos por nós mesmos, plantármolle cara ás decisións da Troika, facermos que Galiza teña futuro de seu e non sometérmonos aos mercados.



Debemos construír barcos aquí e non emigrar; non pode ser que a flota galega siga ameazada; non pode ser que aos agricultores galegos nos digan que non podemos producir e aos galegos e galegas que temos que comprar e a quen; non pode ser que á Galiza veñan empresas estranxeiras só para espoliarnos; non pode ser que se promovan moles comerciais que forzan o peche do pequeno comercio; non pode ser que rouben o aforro galego e non teñamos banca pública galega. Non pode ser que o goberno galego non cumpra coas súas funcións de defender os intereses de Galiza e dos galegos e galegas e non sexa máis que un instrumento as ordes da U.E e do Estado.

Eis as razóns da CIG para esixir Soberanía na Galiza.

A ORGANIZACIÓN do sindicalismo nacionalista é máis necesaria que nunca porque os retos que enfrentamos, a crise económica, obríganos a ter o

sindicato a punto para darnos resposta inmediata as medidas antisociais.

Por outra banda a actividade sindical máis achegada a empresa segue a medrar. A riada de ERE's, despedimentos, modificacións substanciais de condicións de traballo, descolgues de convenios, convenios de empresa que a patronal intenta que sexan abusivos . . . non cesa.

E ao mesmo tempo, a crise económica non nos é allea. A C.I.G. é autosuficiente financeiramente, mais a diminución da afiliación debido a causas económicas fai obrigatorio que fagamos un chamado á militancia, indispensable para que o modelo sindical da C.I.G. siga a ser o referente na



reclamación da soberanía nacional, na defensa da clase traballadora galega e na denuncia e combate das inxustizas sociais.

VIVA A CIG!

VIVA GALIZA CEIBE E SOCIALISTA!

# Memoria e poder

**Luís Bará**

A Pontevedra de toda a vida, a que gobernou a cidade desde a Restauración borbónica até finais do século XX (con excepción do breve intervalo da II República), exerceu o monopolio da memoria colectiva impoñendo unha versión do pasado que acabou sendo a versión oficial da historia local. Mellor ca memoria “colectiva” sería chamarlle memoria “selectiva”, pois responde aos intereses dunha minoría que exerceu o poder de maneira case ininterrompida ao longo de máis de 100 anos. Trátase entón dunha memoria de clase, da clase dominante: a Pontevedra burguesa, ultraconservadora, católica e centralista.

Os atributos principais desta memoria selectiva forxáronse no franquismo através de publicacións periódicas, crónicas, memorias, consignas e celebracións civís e relixiosas. A repetición e ritualización destes relatos e destas prácticas acabou por convertilas en “tradicións” representativas da máis xenuína identidade pontevedresa. A continuidade dese poder de clase máis alá da morte do Ditador fixo que esa memoria de parte, esa “tradición”, se prolongase aínda até finais do século XX.

A ruptura desa cadea de transmisión do poder e da “súa” memoria en maio de 1999, co cambio no goberno municipal, permitiu que afloraran outros relatos e outros símbolos, outras Pontevedras en definitiva. Non foi unha tarefa doada, xa que a Pontevedra de toda a vida resistiuse a perder o monopolio do poder e da memoria, e mesmo reaccionou con violencia fronte ás mudanzas. Foron varios os escenarios desta loita por construír unha memoria colectiva alternativa, unha memoria que lle dese voz á maioría social silenciada, que reivindicase a Pontevedra republicana e galeguista, e que pulara pola superación de todo tipo de discriminación: de xénero, de opción relixiosa, de opción sexual, de orixe xeográfica e social, etc.

Os campos de batalla desa ruptura coa memoria franquista e posfranquista iniciada en 1999 poden resumirse nos seguintes puntos:

Rehabilitación moral e institucional da Pontevedra ametrallada nas cunetas despois do golpe de Estado de 1936, e de todas as persoas que foron perseguidas por defender ideais de liberdade, progreso social e autogoberno para Galiza. As home-

naxes institucionais a Alexandre Bóveda, Castelao e Bibiano Fernández Osorio Tafall ou a celebración institucional do Día de Galiza son exemplos da nova xeira.

Concepción laica das institucións, da que deriva que a participación en celebracións relixiosas é unha opción individual e non unha obriga institucional. O cal é compatíbel co respecto e a colaboración municipal en todo tipo de celebracións relixiosas tradicionais.

Eliminación da figura da raíña festas polo seu carácter sexista, clasista e franquista. Abondará con lembrar que as rapazas seleccionadas tiñan, entre outras, a función de servir os puros no palco de autoridades da praza de touros.

Supresión dos nomes e símbolos franquistas dos espazos públicos da cidade, coa eliminación da placa de homenaxe ao Ditador do edificio do concello e o cambio dos nomes franquistas das rúas por outros vencellados á tradición democrática, humanista, laica, republicana e galeguista da cidade. Posteriormente, a partir de 2005, por medio dun acordo unánime de todos os grupos políticos, decidiuse utilizar como procedemento para a denominación de rúas a recuperación da toponimia tradicional.

Malia todos estes cambios, nos elementos conmemorativos da cidade como son as esculturas públicas ou os nomes das rúas aínda hai unha forte presenza da memoria da clase dominante. Aínda perviven silencios e ocultamentos que é preciso combater. Aínda queda moita memoria colectiva alternativa que construír. Nesa tarefa estamos, reivindicando a Pontevedra heterodoxa, a Pontevedra dos Armesto, de Francisco Zagala ou Joaquín Maqueira; a Pontevedra laica, republicana e galeguista; a Pontevedra proletaria das parroquias que loitou coma os Meis de Mourente do lado da xustiza e a liberdade en 1936; as mulleres represaliadas e resistentes que homenaxeamos este mes de xuño e que lembraremos o día 28 con un roteiro que rematará no lugar onde foron fusiladas polo fascismo as veciñas de Salcedo Consuelo Acuña Iglesias, de 60 anos, e Elvira Lodeiro González, de 28. Para que a súa memoria permaneza para sempre con nós.



## Reparacións en Lourizán

O Concello de Pontevedra iniciou os traballos de arranxo das augas pluviais na zona do lavadoiro do lugar da Carballeira, na parroquia de Lourizán. O nacionalista Demetrio Gómez explicou que se trata dun espazo de encontro veciñal, dado que é un punto de referencia da parroquia que precisa desta actuación pequena, pero moi importante, para que o lugar quede en óptimas condicións de cara ao verán.

Ademais, esta intervención, que poderá estar rematada nuns días, a canalización de pluviais permitirá ao espazo soportar mellor as inclemencias climatolóxicas no inverno.

## Posta a punto do parque infantil de San Roque

A Concellaría de Parques e Xardíns iniciou a reparación do parque infantil da desembocadura do río Gafos, no barrio de San Roque. Trátase dunha intervención que permitirá reparar, repoñer e acondicionar todos os elementos do parque infantil, que por mor dos anos e do tempo esgotaron a súa vida útil.

Nalgúns casos é preciso retirar os elementos, pero noutros trátanse e reparanse para que estean en perfectas condicións de uso de cara o verán.

Durante a duración destes traballos, a área infantil permanecerá pechada para evitar perigos aos máis pequenos, e para que os operarios poidan traballar con maior rapidez e comodidade.

## Dá comezo Recicletas

A Concellaría de Benestar Social puxo en marcha o programa "Recicletas", o primeiro obradoiro de recuperación de bicicletas da provincia.

O obxecto desta iniciativa é que os usuarios teñan uns coñecementos mínimos de formación para o mantemento básico da bicicleta nas súas casas, dado o importante incremento deste transporte na cidade.

As clases serán impartidas na Casa Azul coas bicicletas do antigo servizo Pillabici, que serán entregadas tras a súa reparación a estudantes do programa Erasmus que viven en Pontevedra.

A nosa compañeira Carme Fouces afirmou que pretende que o obradoiro teña futuro noutras edicións en coordinación coa área da Concellaría de Mobilidade que dirixe Miguel Filgueira, xa que un dos obxectivos deste programa é fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte na cidade e tamén acadar unha formación complementaria.

## A Xunta retira a subvención a Protección Civil

A Xunta de Galicia vén de deixar fóra da convocatoria das subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil a do Concello de Pontevedra. A Xunta de Galiza limitou ás axudas a concellos menores de 50.000 habitantes, polo que na provincia o conselleiro pontevedrés Alfonso Rueda deixou fóra Pontevedra e Vigo.

A nacionalista Carme da Silva, lembrou que na última convocatoria, a agrupación de Pontevedra percibiu 3.248,18 euros, unha contía anecdótica nos máis de 50.000 euros que destina o Concello de Pontevedra para o funcionamento corrente anual de Protección Civil, pero suficientemente relevante para amosar o respaldo e recoñece-

mento público do Goberno autonómico a un labor totalmente altruísta deste voluntariado, cun papel fundamental na organización de eventos e de colaboración nas emerxencias da sociedade dentro e fóra do concello de Pontevedra. Pouco máis de 3.000 euros que servían para cubrir o gasto corrente dos voluntarios desta agrupación no concello.

Carme da Silva tamén fixo fincapé na crítica ás prácticas da Xunta de Galiza á hora de administrar á miseria e mostrou a súa completa disconformidade con esta actitude para aforrar pouco máis de 6.000 euros entre as cidades de Pontevedra e Vigo.

## As actuacións en San Martiño e As Testadas avanzan no saneamento integral do Concello

Dende setembro do ano pasado véñense executando as obras de saneamento do proxecto denominado Saneamento de San Martiño e As Testadas. Esta obra comprende a dotación de saneamento nos lugares de Rial, San Martiño e parte de Fontenla na parroquia de San Xoán e a zona do camiño da Riveira e As Testadas de Lourido e Portosanto.

Ademais do saneamento, instálanse tamén as canalizacións para suministro de auga e a rede de pluviais.

O total desta obras elévase a 1.092.000 euros e contempla a realización de 2.759 metros de saneamento en San Martiño e de 683 metros en As Testadas. As redes de pluviais que se construírán son de 1.608 metros en San Martiño e de 308 en As Testadas que permitirán dar servizo a máis de 300 veciños e veciñas.

A obra contempla tamén a instalación dun pozo de bombeo en Portosanto e pavimentación en quente dos viais afectados pola aperturas das zanzas.

A execución desta obra supón un importante avance na dotación de saneamento en todo no Concello, que a pesar de

ter 63 núcleos de poboación cunha elevada dispersión, o saneamento despois desta obra está pendente de executar só nos núcleos de A Sepe, A Bouza, Escusa, Riomouro, Vilar, Vilariño e Fragamoreira.

A Sepe, A Bouza, Escusa, Riomouro e Vilar, son pequenos núcleos de escasa entidade moi distanciados das redes de saneamento pero que nun futuro se dotaran tamén destes servizos.

Vilariño e Fragamoreira, son núcleos máis importantes cunha solución ao saneamento vinculada á mesma que se lle vai dar ao Polígono industrial de Fragamoreira, que sofre un importante retraso na súa posta en funcionamento por parte da Xunta de Galicia.





**SINTEPONTEVEDRA**  
 UNICIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AL CLIENTE  
 MEDIO AMBIENTE, RESPONSA SOCIAL, COOPERACIÓN...  
 ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTE NATURAL  
 CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO

### Anelamento de aves (sábado 22)

Actividade teórico-práctica sobre o anelamento científico de aves silvestres, a relación das aves co medio no que viven e diferentes tipos de hábitats no Enil **Xunqueira de Alba**. Veremos como se realiza un anelamento científico, desde os métodos de captura ata a toma de datos e posterior posta en liberdade. A actividade comezará ás **09.00 horas** e o **punto de encontro é o sendeiro despois de ponte Magueiro (xunto ao cartaz)**.

### Pontevedra en rochas (domingo 23)

Esta actividade pretende, ao longo de dúas horas, dar a coñecer a riqueza dos monumentos que a cidade de Pontevedra esconde: unha interesante mostra de natureza petrolóxica. Aos materiais autóctonos utilizados para a construción dos edificios tradicionais máis emblemáticos sumáronse outros de máis recente adquisición. Grazas a esta actividade, que se plantexa como unha ruta polo centro urbano da cidade, poderase ver con outros ollos a paisaxe urbana pontevedresa poderase redescubrir a cidade a través das súas rochas. Está pensada como unha actividade de interese litolóxico, mineralolóxico e arquitectónico. Saída ás **11 h**.

Para as actividades de SINTE PONTEVEDRA é preciso inscribirse previamente na oficina de Medio Ambiente Natural, na rúa Churruchaos, 2 no correo [medionatural@pontevedra.eu](mailto:medionatural@pontevedra.eu) ou no teléfono 986 100 185.

## Música

### As Bruxas do Noroeste

**Sábado 22 ás 23 horas no Centro Social En Pé.**  
 Donativo: 2 euros. Haberá petiscos

### Perkuka

**Domingo 23 ás 20:30 horas en Barosa (Barro)**

### Cantos de Taberna

**Venres 29 ás 21:00 horas nos bares Reixas e A Navarra**

### As Bruxas do Noroeste

**Domingo 30 ás 20:30 horas en Barosa (Barro)**



## Roteiro

"MULLERES REPRESALIADAS E RESISTENTES"  
 guiado por Xosé Álvarez Castro,  
**venres 28 ás 20 h.** con saída da Casa do Concello.



## Presentacións e Proxeccións

### "A ría de Vigo. Impacto da actividade humana, xestión sostible e conservación ambiental"

**Venres 21 ás 19:00 h. Local da Confraría de Arcade** con Serxio Regueira Gómez (Presidente de PDRVIGO) e Gonzalo Méndez Martínez (do Grupo de Avaliación Ambiental Estratéxica -AAE- do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Universidade de Vigo)

### Proxección de AS SILENCIADAS

**MARTES 25 ás 20 h. no Local Social de Cabanas-Salcedo**

### "Infiltrados", de Alfonso Eiré

**Xoves 27 ás 20:30 h. na Galería Sargadelos**



**NON É UNHA CRISE,  
É UN ROUBO.**

**SOMOS MULTITUDE**

**REBÉLATE!**



**Galiza contra  
este sistema cruel e corrupto**

**TOMEZA**

**Martes 25 de xuño ás 20:30 h.**  
na **Casa da Cultura de Lusquiños**  
coa participación de **Demetrio Gómez**  
e **Miguel Anxo Fernández Lores**

**SANTO ANDRÉ DE XEVE**

**Mércores 3 de xullo ás 21:00 h.**  
no **Teleclub**  
coa participación de **Miguel Filgueira,**  
**Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores**



**Acto da PLATAFORMA  
GALEGA EN DEFENSA DA  
SANIDADE PÚBLICA**

**Xoves 27 de xuño ás 20 h.**  
na **Praza da Peregrina**



**Soberanía para Galiza**